



**BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS  
PARA LIBROS E MATERIAL DIDÁCTICO  
NA EDUCACIÓN INFANTIL**

**CURSO ACADÉMICO 2024-2025**

Bases reguladoras para a concesión de axudas en especie para a adquisición de libros de texto e material escolar na educación infantil para o curso 2024-2025

**Art.1.- Obxecto e ámbito de aplicación**

As axudas obxecto de regulación por esta convocatoria están destinadas a *facilitarles libros e material didáctico ós/ás alumnos/as de Educación Infantil deste Concello*, matriculados en centros públicos e privados en tramos concertados, **exceptuando aqueles cursos que se benefician do programa de gratuidade de libros de texto da Xunta de Galicia.**

**As axudas serán incompatibles con calquera outra axuda que puidera percibirse coa mesma finalidade de outras institucións públicas ou concertadas.**

**Estas axudas están destinadas a unidades de convivencia en desventaxa social e con menor poder adquisitivo do Concello de Barbadás.**

**Art.2.- Concepto da subvención**

As axudas que se conceden terán carácter de subvención, entendese por subvención diñeiraria realizada polo Concello de Barbadás para a compra de libros e material para os ciclos de Educación Infantil, ascendendo a 100 € por neno/a como máximo.

**Art.3.- Requisitos**

A concesión de axudas para ó estudio está supeditada á cuantía especificada na partida 326.480.01 dos presupostos xerais do Ilmo. Concello de Barbadás para o exercicio 2024, que conta cun orzamento de 4.000 €, según as necesidades poderase ampliar a partida.

- A tramitación do procedemento de concesión das axudas para compra de libros e material realizase de acordo coas normas que establece a Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Barbadás publicada no B.O.P. o 25 de setembro de 2017.
- Por renda familiar entenderase a obtida polos membros computables no ano anterior ó comezo do curso ó que se refire a convocatoria. Considérase que son ingresos familiares os mesmos que serven para o cómputo da Base Bruta do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. No suposto de que concorran diversos membros computables da familia con ingresos, sumárase as Bases Brutas correspondentes a cada un deles.
- En casos excepcionais (separación, falecemento, xubilación, etc...) teranse en conta os ingresos dos anos 2023-2024.

- Computarase como membros da familia, o pai e nai, o solicitante, os irmáns solteiros menores de 23 anos que convivan no domicilio familiar ou os maiores de idade cando se trate de diminuídos físicos, psíquicos ou sensoriais, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio co certificado municipal correspondente.
- Aumento da unidade familiar aos efectos do cálculo da renda per capita:
  - Computárase un membro máis no caso de presentar algún de eles unha discapacidade igual ou superior ó 33% ou situación similar.
  - Tamén se computará como un membro máis no caso de ser familia monoparental.
  - No caso de pais divorciados ou separados computarase o novo cónxuxe ou a nova parella unida por análoga relación, que teña o pai ou a nai e os fillos aportados pola nova parella e os ascendentes en primeiro grado que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio.
- Unha vez obtidos os ingresos brutos, a renda familiar “per cápita” obterase dividindo a cantidade global entre o número de membros computables da familia.
- Non poderán recibir axuda Económica ó Estudio, calquera que sexa a renda familiar per cápita que pudiera resultar ó computar os seus ingresos anuais, que forma parte de familias nas que calquera dos seus membros computables sexa obrigado a prestar declaración polo imposto sobre o Patrimonio, coas regras establecidas no artigo 72 da Orde Ministerial do 25 de Abril de 1988 (B.O.E. do 23 de maio de 1988), ou non esta ó día no pago Dos Impostos Municipais.

#### **Art.4.- Órganos competentes para a concesión de subvencións**

En aplicación da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a competencia para a concesión de subvencións corresponde ao alcalde/sa ou ao órgano que sinalen as bases de execución do orzamento ou os acordos de delegación de competencias, cando non superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento; no resto dos casos o órgano concedente será o Pleno.

#### **Art.5.- Beneficiarios**

Unidades de convivencia cuxos ingresos non poderán exceder de **CINCO MIL SETECENTOS EUROS NETOS (5700 Euros) por membro familiar anual.**

Exemplo: tres membros, pai, nai e un fillo,  $5700 \times 3 = 17100$  Euros.

5.1 Para os efectos de estas bases reguladoras considerase que forman a unidade de convivencia:

- O menor ou menores para os que se solicita a axuda.
- Os pais ou titores legais des estos menores.
- Os irmáns do menor ou menores para os que se solicita a axuda.
- Os ascendentes en primeiro grao de consanguinidade dos cónxuxes, titores legais ou parellas unidas por análoga relación que convivan no mesmo domicilio.

#### **Art. 6.- Obrigas**

Son obrigas dos/as beneficiarios/as:

- 1.- Gastar o total da subvención concedida en libros e material para Educación Infantil.
- 2.- Estar ao día no pago de impostos municipais.
- 3.- Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións ou axudas que financien os gastos subvencionados.



**Art. 7.- Financiamento da compra de libros e material**

- 1.- As axudas serán incompatibles con calquera outra axuda que puidera percibirse coa mesma finalidade de outras institucións públicas ou privadas.
- 2.- O importe da axuda en ningún caso poderá exceder do total do gasto realizado ata un máximo de 100 €.
- 3.- No caso de duplicidade de concesión, o Concello revocará a súa axuda, con obrigación por parte do beneficiario de reembolsa-la cantidade recibida no prazo de 15 días a contar desde a comunicación. Igualmente procederá a revogación se se descubriese ocultación ou falsidade dos datos.

**Art. 8.- Procedemento de concesión**

O procedemento ordinario de concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

**Art. 9.- Convocatoria**

Os peticionarios de axudas para o estudio deberán reunir as seguintes **condicións**:

- a) Conten con nenos e nenas o seu cargo, escolarizados en centros públicos ou concertados.
- b) Estar empadroados no Concello de Barbadás, segundo o artigo 16 da Lei 7/85 do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- c) Estar matriculados en Educación Infantil (3, 4 e 5 anos).
- d) Non exceder o nivel máximo de ingresos establecido nas presentes bases.
- e) Os/as alumnos/as aspirantes ó beneficio das Axudas ó estudio cumprimentarán a solicitude no modelo de instancia que a tal efecto será facilitado polo Ilustrísimo Concello de Barbadás, aportando a seguinte documentación:

\*- **Escaneado do resgado de matrícula**, só no caso de cursar a solicitude on-line.

\*- **Fotocopia da Declaración sobre a Renda das Persoas Físicas** correspondente ó **exercicio 2023** de tódolos membros computables da familia con obrigación de declarar (Modelo D-100).

**Si non estiveran obrigados a facela Declaración da Renda deben entregar:**

\*- **Certificado de Empresa:** Quen non teña obrigación de facer declaración aportarán un certificado de Empresa correspondente ó **exercicio 2023** ou datos que acrediten os ingresos obtidos no ano **2023**.

\*- **Fotocopia do Libro de Familia.**

\*- **Fotocopia do D.N.I. (Carnet de identidade).**

\*- **Certificado Vida laboral dos maiores de 18 anos.**

\*- **Certificado de acollemento familiar remunerado.**

\*- **Certificados de pensións.**

\*- **Certificado do INSS:** prestación por fillo a cargo.

\*- **RISGA (Renda de Integración Social de Galicia).**

\*- **Certificado da axuda de Integración do menor.**

\*- **Parados.** Cando o cabeza de familia se atopa en situación de paro e non percibiu subsidio de desemprego durante o ano 2023, presentará un certificado do Instituto Nacional de Emprego que acredite. Asemade, se percibiu algunha cantidade por desemprego, presentará o correspondente certificado.

\*- **Os emigrantes.** Emigrantes retornados e inmigrantes deberán presentar unha certificación dos ingresos obtidos no ano 2023 no país correspondente, cun informe bancario sobre a cotización media da moeda de dito país nese ano. No caso de estar un membro do matrimonio no estranxeiro e outro retornado, deben acreditar os ingresos obtidos no ano 2022 mediante certificacións oficiais.

\*- **Sen ingresos.** No caso de non poder xustificar ningún tipo de ingresos familiares (por no telos realmente), realizarase declaración xurada da non percepción de ingresos algúns. Neste caso o Concello resérvase a facultade de comprobar este extremo, denegándose ou anulándose as axudas no caso de falsidade, sen perxucio das sancións ou responsabilidades en que incorra o declarante.

\*- **Pago dos impostos Municipais,** comprobarase internamente.

\*- **Separados/as.** Aportarán fotocopia da sentenza de separación ou divorcio. Senón perciben pensión alimenticia ou compensatoria, aportarán a denuncia por incumprimento da sentenza de separación ou divorcio.

\*- **Facturas debidamente conformadas dos libros e material adquirido para o neno/a para o curso 2024-2025.**

\*- **Certificación da conta bancaria, para a realización do pago da axuda.**

O prazo de entrega das solicitudes iniciárase o **día seguinte da publicación do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (B.O.P.), o prazo será dun mes.**

Formas de presentación:

As solicitudes deberán presentarse, debidamente cubertas en:



## **CONCELLO DE BARBADÁS**

### **Concellería de Educación**

a) Entrega da solicitude nas Oficinas Municipais de A Valenzá, no Concello de Barbadás e por sede electrónica.

Ou por calquera medio dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

b) Os solicitantes poderán descargar o modelo de impreso de solicitude a través da páxina web do Concello de Barbadás, anexo á publicación das presentes bases.

As solicitudes tramitaranse de conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións de acordo coa súa disposición primeira.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos pola presente convocatoria, a Concellería de Educación requirirá ao/á interesado/a para que subsane os erros no prazo máximo de dez días, en caso de non facelo será desestimada a súa solicitude.

#### **Art.10.- Órgano de instrucción**

A instrucción do procedemento da concesión de axudas para compra de libros e material para infantil para o curso 2024-2025 corresponderá ao persoal ao servizo da Concellería de Educación.

#### **Art.11.- Proposta de resolución provisional.**

A resolución provisional de axudas concedidas e denegadas publicarase no tablón de anuncios da Casa de Cultura, sita na Rúa San Bernabé nº 37, e na paxina web do Concello ([www.barbadas.gal](http://www.barbadas.gal)), concedéndose un prazo de 10 días para presentar alegacións.

#### **Art.12.- Resolución definitiva**

A resolución definitiva que se adopte será publicada na mesma forma que a resolución provisional. Estas publicacións sustituirán á notificación nos términos que se establecen nos artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas.

A resolución pon fin á vía administrativa, podendo interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o órgano que a dictou, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-



Administrativa. Si se optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se puidese estimar máis conveniente a dereito.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto nas Leis e nos Reais Decretos e demais disposicións de rango superior que fagan referencia á concesión de subvencións no ámbito estatal e da Comunidade.

#### DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia previo envío a Base de Datos Nacional de Subvencións.